

# Gas

**Diego Giráldez**

*Accésit no VII Premio a artigos xornalísticos normalizadores Concello de Carballo 2011*

*“Inicie a viaxe sen retorno deixándome levar sen resistencia  
ó fondo dunha interna aniquilación chea de nostalgia”*

LOIS PEREIRO

O recordo da Lei de Gay-Lussac atórdame de cando en vez. É un deses focos do BUP que quedan de xeito obrigado, recto, na memoria: a presión dunha certa cantidade de gas, que se mantén a volume constante, é directamente proporcional á temperatura. Hai gases inertes e combustibles, corrosivos e tóxicos e logo está o natural, non o ecolóxico, senón o que popularmente nos pon en movemento. Cando perdemos gas, adoecemos de inactividade. Perdemos vida. Morte.

A prensa en galego perde gas e con ela, proporcionalmente, tamén nós: o volume identitario gaña en flaccidez. Este último ano sufrimos un abatemento arrepiante dos medios escritos no noso idioma. Golpe na testa. Pescozo rebentado. Estas canles de información, xa de por si enfraquecidas e eternamente sobreviventes, son tamén esenciais para espallar, inxectar e axudar a erguernos a cotío co idioma de noso. Gas. E as administracións non participan, miran de esguello este debate crítico. As achegas económicas públicas están premeditadamente dirixidas aos xornais que chaman “implantados”, aos que, dende sempre, porque é así, se autocompracen co poder de organizar a distribución dos escanos parlamentarios. Os outros, os das minorías aplicadas, os que non sofren de edemas por vaidade, resisten pero non gañan. Sempre así. Endexamais.

E nós? Tamén nós. A temperatura da nosa pel é directamente proporcional ao mal endémico de non achegarnos á información en galego. Non o temos

gravado no enxeño. Non hai método. Por unha banda está a prensa que, coma un abano funcional, se coloca nos lugares máis rechamantes do quiosco e logo a que agarda nos andeis dos encargos. Non consumimos prensa en galego, non hai retroalimentación. Subconsciente en calma. Pedagogía.

Cientificamente probado: a perda de gas non se esquiva con culleres na boca dos envases. É necesaria unha implicación económica real, rendible, da administración, xa non só para salvagardar estes medios, senón tamén para garantir a súa implantación. É preciso partir de cero. A nosa pasividade é a reacción natural á falla de costume. Nos currais de galiñas azuis e na universidade, na empresa e na oficina do INEM, na maternidade e no tanatorio non hai prensa na nosa lingua. Non é imposible, somos carne xa aducida: vin a centos de galegos bailar *The Final Countdown* (Europe, 1986) nas verbenas. De cero. Noutros lugares pasa. Nostalxia.

É san a envexa aos que son quen de reter o gas vivo, de conservar para sempre o idioma das burbullas en fervenza. Incluso as burbullas bilingües falan galego, tan só é cousa de soste a presión e coidar os envases. Hai que eternizar o gas. Igual que o da botella de Fanta que Xosé Abad refrescou para sempre no colo de Lois Pereiro. Vida.